

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILIGÜE CHANO PIÑEIRO
CURSO: 4º EDUCACIÓN PRIMARIA
MATERIA: EDUCACIÓN FÍSICA
DATA: 13-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. Clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB2.2.3. Coñece os músculos e articulacións principais que participan en movementos segmentarios básicos e no control postural. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CSC
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB2.2.4. Colócase á esquerda-dereita de diferentes obxectos, persoas e espazos en movemento, con e sen manipulación de distintos móbiles. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.1.1. Realiza desprazamentos en diferentes tipos de contornos e en actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, intentando non perder o equilibrio nin a continuidade, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo ou mesma. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB5.1.4. Adopta hábitos posturais axeitados recoñecendo a súa importancia para saúde. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB6.1.2. Utiliza as habilidades motrices básicas en distintos xogos e actividades físicas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.2. Coñecer, a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB6.2.3. Realiza distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p><u>Procedementos:</u></p> <p>Dado o carácter motriz da nosa área, considerouse a voluntariedade da realización das tarefas. O alumnado tivo acceso a recursos de diferentes características, tendo en conta os diferentes espazos onde poderían realizar as mesmas.</p> <p><u>Instrumentos:</u></p> <p>Os instrumentos de avaliación foron os utilizados durante a 1ª e a 2ª avaliación, por ser as avaliacións referentes desta 3ª avaliación.</p>
Cualificación final	<p>No cálculo da cualificación final que se establecerá na avaliación ordinaria de cada área, teremos en conta a media aritmética dos dous primeiros trimestres e o traballo desenvolvido polo alumnado neste 3º trimestre referido aos criterios e estándares de avaliación imprescindibles para o reforzo, continuidade do proceso educativo e consolidación dos dous primeiros trimestres do curso, reflectidos neste documento de adaptación e que, no caso destes últimos, solo poderán ter valor positivo para a cualificación do alumnado.</p> <p>Cálculo da nota ordinaria:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Se un alumno ou alumna obtivo unha nota superior ao 5 nas dúas avaliacións anteriores e entrega as tarefas programadas telematicamente ou impresas e participe nas videoconferencias, a súa nota na avaliación ordinaria, non será a media aritmética das dúas anteriores. Segundo a avaliación do traballo realizado pode aumentar, en ningún caso diminuíla.2. No caso de que un alumno ou alumna non acadara o 5 nalgunha das avaliacións anteriores e entregue as tarefas programadas telematicamente ou

impresas e participe nas videoconferencias, a súa nota na avaliación ordinaria, non será a media aritmética das dúas avaliacións anteriores, senón que pode aumentar tendo en conta que as actividades no terceiro trimestre son de reforzo e recuperación.

3. No caso de que un alumno ou alumna non acadara o 5 nalgunha das avaliacións anteriores e non entregue as tarefas programadas telematicamente ou impresas e non participe nas videoconferencias, a súa nota na avaliación ordinaria, será a media aritmética das dúas avaliacións anteriores.

4. Se un alumno ou alumna ten suspensas as dúas avaliacións dunha área e non participa en videoconferencias nin aporta tarefas telematicamente ou impresas para mellorar os seus resultados e competencias, sendo informada a familia da falta de traballo na área, non acadará unha valoración positiva. O mestre ou mestra da área recollerá evidencias de ter informado á familia da situación.

5. No informe individualizado do alumnado, que se remitirá ao finalizar o curso debe quedar recollido, de cara ao seguinte curso escolar 2020-2021, o traballo realizado polo alumno ou alumna no terceiro trimestre e os atrasos producidos detallando aquelas aprendizaxes imprescindibles non adquiridas. Tamén debe quedar reflectido nas observacións do boletín de notas da avaliación ordinaria, cumprimentando este apartado en Xade.

Será o equipo docente, na sesión de avaliación do grupo, o que decidirá a promoción do alumnado tendo en conta o nivel acadado nos criterios de promoción de nivel dados e as competencias clave, non dependendo da cantidade de áreas suspensas.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Dende o área de Educación Física realizouse unha recomendación de actividades no Symbaloo aloxado na páxina web do centro. Dentro de todas as actividades propostas podíanse reforzar todos os contidos traballados durante a 1ª e a 2ª avaliación.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Dado que non houbo información ao respecto de alumnado sen conectividade, utilizouse a vía do Symbaloo.
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> - Symbaloo - Recursos audiovisuais nos que trabállanse diferentes contidos relacionados coa área.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<ul style="list-style-type: none"> - Apoio e titorización de alumnado e familias: telefonicamente, AbalarMóbil, páxina web do centro, enderezo electrónico, foros e videoconferencia.
Publicidade	<ul style="list-style-type: none"> - Publicación na páxina web do centro. - Informaremos ás familias por Abalar Móbil. - Aquelas que non dispoñan de Abalar Móbil enviaráselle unha carta por correo ordinario ou correo electrónico, indicándolle a onde se poden dirixir para atopar a documentación.